



MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 28/11/2015

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día vinte e oito de novembro de dous mil quince, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D. José Trillo Lema
D^a. Marta Rey Lema
D.^a María José Ramos Rey
D. José Antonio Vidal Mira
D.^a. María Éliida Pequeño Lorenzo
D. Anselmo Ramos Martínez
D. Mario Andújar Mouzo
D.^a. Raquel Rodríguez Amigo
D.^a. Paula Mouzo Maceiras

Ausentes:

D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez

Secretaría acumulada: D.^a Rocío Hermida Cancela
Interventor actal.: D. José Domingo Rodríguez Ferreira

A Sra Raquel Rodríguez Amigo como portavoz do GM excusa a ausencia de Don José Manuel Rodríguez Lema debida a que está rematando unhas obras en Pontevedra e non pode asistir.

O Sr. Mario Andujar Mouzo excusa a ausencia de Dona Mónica Rodríguez Ordoñez por motivos persoais.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación *ope legis* das actas das sesións extraordinarias celebradas o 14 e 24 de novembro de 2015.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

Ningún concelleiro/a formula observacións.

Quedan aprobadas as actas da sesións ordinarias celebradas o 14 e 24 de novembro de 2015.

2º. proxecto de orzamentos para o exercicio 2016 e acordos complementarios.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 20 de novembro de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas o 24 de novembro de 2015 que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA PLENO

APROBACION INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIMIANZO PARA O ANO 2016

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde-presidente do Concello de Vimianzo, en uso das súas atribucións legalmente conferidas



Resultando que de conformidade co establecido no artigo 41.16 e 61.13 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo (TRLFL), e artigo 18 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, o Sr. alcalde-presidente formou o orzamento xeral ordinario deste Concello para o exercicio 2.016.

Visto que obran no expediente cantos documentos e informes esixen os artigos 165, 166 e 168 do TRLFL, así como o artigo 8 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril; e o expediente orzamentario formado polo Sr. Alcalde-presidente cumpre o requisito de nivelación esixido polo artigo 165.4 TRLFL.

Considerando que conforme establecen os artigos 22.2.e) da Lei 7/85 de 2 de Abril, artigo 168.4 TRLFL e artigo 50.11 do ROF, corresponde ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple do expediente do orzamento xeral ordinario para o ano 2.016.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Vimianzo para o ano 2.016, por un importe, tanto en gastos como en ingresos, de 5.565.575,45 € que consta dos seguintes documentos:

LIBRO I.- DOCUMENTOS DO ORZAMENTO.

1. Estados de Gastos e Ingresos, integrados á súa vez polas listaxes proporcionadas pola aplicación informática empregada na levanza da contabilidade.
2. Bases de execución.

LIBRO II. INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

3. Memoria da Alcaldía.
4. Informe económico - financeiro.
5. Anexo de investimentos.
6. Anexo de persoal.
7. Estado da débeda (estado de previsión de movementos e situación da débeda).
8. Liquidación do orzamento anterior e avance da corrente.

Xunto cos informes de Intervención.

SEGUNDO.- Aproba-las bases de execución do dito orzamento.

TERCEIRO.- Aproba-lo cadro de persoal que comprende tódolos postos de traballo (funcionarios e persoal laboral) desta Corporación e a catálogo de postos de traballo coas súas adscricións.

CUARTO.- Que se expoña ó público polo prazo de quince días hábiles, ós efectos de reclamacións, consonte co disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

QUINTO.- De non se presentaren reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, xuntamente co cadro de persoal e o catalogo de postos de traballo, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril e 169.3 do RDL 2/2004; noutro caso procederase de acordo co previsto no número 1 do artigo 169 do RDL 2/2004 citada."

Intervén o Sr alcalde e di que na comisión se explicou brevemente, vai a memoria da alcaldía onde se explica o que se pretende, tratarei de ser breve o que xa está recollido por escrito, é un documento de certo peso non fisicamente sinon economicamente, nun momento de crisi que non damos superado coa autonomia local limitada polo goberno central cunha prevision de ingresos realistas pero a veces non se contemplan cousas que explicarei, consta de un Libro I adicado os documentos do orzamento, que desglosado: Estados de Gastos e Ingresos, integrados á súa vez polas listaxes proporcionadas pola aplicación informática empregada na levanza da contabilidades as Bases de execución.Un Libro II de información complementaria: Memoria da Alcaldía, Informe



económico – financeiro, proposto polo concelleiro de facenda, Anexo de investimentos, aquí decir que hai un erro material o nome dun dos proxectos que queremos levar a cabo o final o nome e mellora no sistema de saneamento, tamén consta: Anexo de persoal, Estado da débeda que é moi significativo (estado de previsión de movementos e situación da débeda) e por último a Liquidación do orzamento anterior e avance da corrente. O proxecto de Orzamento para 2016 ascende, nivelado e sen déficit inicial nos seus estados de Gastos e Ingresos, á cifra de cinco millóns cincocentos sesenta e cinco mil cinco centos setenta e cinco euros con corenta e cinco céntimos (5.565.575,45€). O proxecto de Orzamentos para 2016 presenta un incremento de 279.740,56€, respecto ao Orzamento de 2014, o que significa un 5,29%. No contexto socioeconómico, o momento que nos toca vivir está determinado por unha longa crise económica, que tivo o seu inicio en 2008 como crise financeira, propagándose como unha grande recesión con enormes consecuencias en distintos sectores, e en todos os niveis e escalas da economía. A superación desta situación está resultando moi difícil no contexto do Estado, agudizándose estas condicións na nosa bisbarra. Os seus efectos na nosa contorna tiveron como consecuencia a desaparición de amplos sectores do tecido empresarial, unha grande destrución de emprego e a extensión de recortes salariais e sociais, con unha gran porcentaxe da poboación activa desempregada. O fenómeno máis importante ao que deu lugar foi o retorno da emigración a outros lugares de mellores perspectivas económicas, en termos moi similares ao acontecido no último cuarto do século XX.

Neste contexto, a situación económica da sociedade vimiancesa é bastante precaria, onde moitas iniciativas empresariais non son capaces de manterse, dando lugar a unha gran bolsa de desempregados. Isto trae consigo un importante deterioro dos principais sectores económicos do concello, con escasas perspectivas de recuperación a curto prazo. Unha das poucas esperanzas de mellora ven co inicio de actividade no Parque Empresarial, como elemento de importancia estratéxica para contribuír a dinamizar a tecido empresarial e a economía. O feito de que dende o concello promovamos bonificacións fiscais ata o 90% no ICIO, deducións neste mesmo tributo no importe da taxa imposta pola licenza urbanística e na Licenza de Actividade, vai dando os seus froitos coa instalación de empresas, mais semella insuficiente se por parte dos seus propietarios (Goberno Central e Xunta de Galicia) non se leva a cabo campañas de promoción e captación de empresas para que se instalen no parque, e o que parece máis importante, unha baixa do prezo do solo. Abondaría con que aplicaran o mesmo prezo que o IGVS aplica para os parques da Xunta de Galicia, rompendo así con unha clara desvantaxe e discriminación no que se refire ao parque vimiancés. Non axuda, senón todo o contrario, que o solo público empresarial no parque de Vimianzo sexa ata tres veces máis caro que o solo público empresarial noutros parques próximos.

Os obxetivos do goberno son: Incrementar e mellorar a prestación dos servizos municipais, reducir o desemprego entre a nosa poboación, fomentar a dinamización económica, reducir as desigualdades e favorecer a cohesión social. Apostar por mellorar os servizos que se prestan á cidadanía, é apostar por unha administración áxil e funcional, con uns empregados públicos coñecedores das súas funcións como servidores públicos. Promover unha acción de goberno de tal xeito que os provedores e licitadores locais teñan verdadeiras oportunidades de contratar co concello incide de xeito moi positivo no dinamismo económico das nosas empresas, e ten efectos moi positivos na consolidación de emprego. A creación de emprego municipal, aínda que sexa temporal, é unha medida de goberno que, ademais de incrementar a prestación dos servizos municipais, serve para loitar contra o desemprego e a emigración, tendo en conta as restriccións impostas polo goberno central. As políticas de apoio e asesoramento ás nosas empresas, as campañas de promoción do comercio local, as bonificacións fiscais e outras iniciativas perseguen incentivar un maior dinamismo económico, que redunde en beneficio do tecido empresarial local. Nestes senso hai que lembrar as bonificación do ICIO para empresas que se instalen no Parque empresarial, ou do sector agro – gandeiro, así como a bonificación na cota do IBI para estas últimas e as familias numerosas. Se a isto sumamos a baixa do tipo de impositivo dos bens de natureza urbana ao 0,50%, pódese concluír que o goberno adopta medidas positivas para a cidadanía, rebaixando a presión fiscal e con aforros de máis de 200.000€ anuais nos petos dos nosos veciños e veciñas, sen comprometer o equilibrio financeiro do concello nin o recorte de servizos. Máis ben ao contrario, coa implantación de novos servizos. A aplicación de criterios de igualdade na prestación de servizos, na atención á cidadanía, nos procesos de contratación, xunto con accións e campañas de concienciación buscan diminuír as diferenzas e desigualdades sociais.

As iniciativas de axudas económicas e doutro tipo á cidadanía e ao tecido asociativo, xunto coa promoción do seu protagonismo nos procesos sociais, son unha aposta pola cohesión e por unha sociedade viva.



En canto a distribución do gasto por capítulos, destaca o gasto en Bens correntes e Servizos, que supoñen un 40,93% do total O segundo en gasto é o Capítulo de Persoal, con unha participación dun 34,23% no conxunto dos gastos, e con unha baixa de preto de dous puntos respecto do exercicio anterior e de case seis puntos respecto ao exercicio de 2010,

A continuación destaca o Capítulo de Investimentos reais, con un 13,36%, con un incremento de máis de catro puntos respecto ao anterior orzamento e de máis de cinco respecto ao do exercicio 2010. Neste capítulo prevemos diferentes actuacións financiadas maioritariamente pola Deputación (POS 2016 e PAS). Porén, non se contemplan outras previsións de financiamento da Xunta de Galicia (AGADER, Fondo de Compensación Ambiental, ...) ou da propia Deputación (convenios, novos plans), dado que aínda non se publicaron as convocatorias, mais que é previsible que aumenten nun 50% as previsións iniciais. O seguinte é o Capítulo de Transferencias Correntes, con un 8,41%, debido aos custos do mantemento da concesión dos Servizos Sociais da Vivenda Comunitaria, do Comedor e Lavandería sobre rodas, e da Escola Infantil Municipal.

A principal distribución do gasto por áreas (35,01%) está prevista na área 1, de Servizos Públicos Básicos. Séguelle no gasto a área 3 (17,01%), Producción de Bens Públicos de Carácter preferente. Son aqueles referidos á Sanidade, Educación, Cultura, Deportes e Ocio. Unha porcentaxe moi similar (14,63%) é dedicada ao gasto na área 2, Actuacións de Protección e promoción Social, aquelas referidos ao Benestar Social Por último, na área 0, Débeda Pública (3,02%) recóllense os gastos en xuros e amortización da débeda bancaria. Destaca especialmente a redución desta última en case a metade, froito dunha política de amortización da débeda nos dous últimos anos. A variación do Orzamento de Gasto en función das asignacións ás políticas de gasto entre o Orzamento de 2014 e o Proxecto de 2016, temos unha diminución de -14.023,79€ naquelas políticas de gasto menos prioritarias para o goberno, e un incremento de 593.764,35€ naquelas outras que o goberno si considera de interese principal e prioritario, un incremento do 1% no salario dos funcionarios non aplicable os políticos. En relación cos gastos correntes, recóllense os correspondentes créditos destinados a remuneración da dedicacións do Alcalde e a cuarta Tenente de Alcalde e dunha persoa de confianza, como persoal eventual. Mantéñense as mesmas retribucións aprobados no pleno de organización celebrado o 22 de xuño, sen suba ningunha. Tamén se prevé un especial fincapé no turismo, adscribindo o traballo de media xornada da Xefa de Servizo de Promoción Económica a esta política de gasto, xunto con recursos precisos para participar no proxecto piloto de ampliación do Itinerario Cultural Europeo do Megalitismo no sudoeste europeo, e a incorporación e apoio ao CMAT como ente xestor do Xeodestino Costa da Morte a Xunta debería facer tamén algo.

En canto os ingresos a evolución da previsión de ingresos segue as mesmas pautas que a de gastos, coa prudencia dun Orzamento equilibrado en gastos e ingresos, e a limitación do teito de gasto. Mais, é posible que ao remate do exercicio estas previsións se incrementen.

En política de persoal ou as previsións de contratación de cinco interinos para programas concretos de servizos múltiples (tractorista, albanel, limpeza e recollida de lixo...), ou mesmo substitucións por vacacións e outras causas. E increíble que o Concello de Vimianzo non teña unha cuadrilla de obras, o cambio fundamental. A previsión máis importante é a elaboración dunha Relación de Postos de Traballo durante o ano 2016, así como a negociación colectiva sobre as condicións de traballo, para un novo acordo regulador de funcionarios e convenio colectivo de laborais que data o existente do 2005. Os principais cambios e novidades que se introducen nestas Bases de Execución do Orzamento son escasos, e importancia menor. Destacan os seguintes:

- A referencia ao cambio de normativa que modifica a estrutura orzamentaria.
- O cambio de xestión da contratación de novo persoal temporal, ao través de bolsas de agarda.
- A adaptación das indemnizacións ao concelleiros, incluíndo a prestación de servizos especiais por orde da alcaldía.
- A actualización das contías nas subvencións ao grupos municipais.
- A previsión de novos compromisos no ámbito da promoción turística, e do megalitismo.

En definitiva, as modificacións introducidas nas Bases de Execución do Orzamento responden á necesidade de adaptar e actualizar determinados aspectos, froito das necesidades para unha boa acción do goberno.

En xeral, estas Bases buscan concretar un marco básico para a execución e xestión dos Orzamentos que permita lograr os obxectivos de goberno e prestar os servizos municipais con parámetros de calidade. Como conclusión, o proxecto de Orzamentos para 2016 presenta un incremento de 279.740,56€, respecto ao Orzamento de 2014, o



que significa un 5,29%. Isto é un feito importante, froito dunha boa xestión económica e dunhas contas saneadas. Este incremento sería maior, de non estar limitado nas previsións de gasto polo cumprimento da Regra do gasto. En conclusión, preséntase a aprobación polo Pleno, un orzamento equilibrado, fundamentado nunha racionalización dos gastos correntes, no incremento dos gastos de mantemento de bens municipais, na mellora e incremento da prestación dos servizos municipais, e na prudencia e realismo en canto aos ingresos. En canto os investimentos, serán entre outros, os do POS Mellora de acceso principal e a cuberta da Casa do Concello cun orzamento de 33.393,73, Aula da Natureza na área recreativa da presa do Val: 125.768,07, Obras de mantemento e mellora de estradas de titularidade municipal nas parroquias de Baíñas e Calo: 35.000,00, Creación de unha área recreativa na contorna do muíño das Pasantes: 31.500 e Reforma de alumeadado público exterior do Concello de Vimianzo: 35000 euros. En relación o PAS: Obras de arranxo da Casa de Cultura de Vimianzo: 88.745,31, Acondicionamento de parque e aparcadoiro en Cereixo: 104.346,38, Rehabilitación do centro social-escola unitaria de Carantofía e equipamento de parques: 55.653,63, Arranxo do polideportivo de Vimianzo e cubrición de ámbito anexo: 61.100, Mellora do sistema de saneamento do Concello de Vimianzo: 55.000, Mellora de firme de estrada municipal entre Tines e Quintáns (Treos): 151.536,13, Mellora de área deportiva municipal coa pavimentación de pista polideportiva descuberta: 59.769,33, Rehabilitación de fachadas do centro social-escola unitaria de Ogas-Cambada: 30.036,10 e no PAI Complementario: Obras de mantemento e mellora de estradas de titularidade municipal nas parroquias de Baíñas e Calo: 35000. Somos honestos, cumpridores non podemos dicir unha cousa e facer outra, este é o resultado.

O Sr alcalde, outorga un primeiro turno de intervencións e da a palabra a **D^a. Paula Mouzo Maceiras**: antes de entrar en debate recordolle que tamen estivo na oposición e estamos traballando cos deputados da Deputación para traer melloras, alegrome de que viñeran eses cartos para mellora de camiños e seguiremos traballando para novas obras que melloren a nosa veciñanza. Estamos ante esta aprobación do presuposto, a pesar dos poucos días cos que contamos e aportar novas propostas vexome limitada no tempo para traballar sobre o informe facilitado que o temos con nos, a persar diso dende o PSOE fincapé en varios puntos, vimos algunha que outra traba que non contabamos que existira, podemos dicir que nas bases de execución fala de que vai ser contratado persoalo temporal, é importante esas cinco persoas para obras, nos gastos de persoal do anterior a este hai baixa de 5000 euros e esperemos que non substitúan as prazas que foron recentemente despedidas, tamén vemos a base 50.3 nese caso pola realización de servizos extra de concelleiros que non sexan periódicos nin con adicación total ou parcial, un importe de 40 euros si é ata 4 horas e 65 se é mais, tendo isto así, e conforme o informe de intervención no que respecta as Bases de Execución do orzamento a 50 reguladora das indemnizacións por razón de servizo aplicable aos órganos políticos regula no seu punto 3 o seguinte (...) que pode confundirse cunha de dedicación parcial, e debería regularse mais a súa excepcionalidade para evitar que esta acabe sendo unha dedicación parcial encuberta, a intervención entende que estes pagamentos non están baseados en asistencias a órganos colexiados, non tendo cabida, agás a través de dedicacións parcial, e añado que non temos dedicacións parciais, non estemos utilizando os orzamentos para ocultar dedicación a concelleiros que non ten que recibilas. Vemos tamen que en servizos sociais hai un incremento de 2000 euros é significativo esperamos e vemos que é importante como todos e queremos que dende a oposición se reflexe no traballo de servizos sociais que se siga loitando por eles que sempre foi un dos mais envidiados, que non haxa recortes ou modificacións de crédito dentro de un ano e se poda ver o bo traballo. Cultura e deportes en Vimianzo é significativo, nese caso aínda que está mais ou menos, sube un pouco o presuposto hai que seguir fomentando e pedimos dende o PSOE fomentar a cultura do deporte. Por último dicir que hai grandes investimentos, temos que agradecer a Deputación a través do pos e pas case 1.000.000 de euros para Vimianzo, de cara o proximo pleno onde se aproben, todo o que sexa para mellorar a vida dos veciños é bo e mellorar en infraestruturas, hai que poder potenciar e fomentar que Vimianzo se mova, seguro que hai mais que dicir pero neste caso vamos deixar así ata agora.

O Sr alcalde da a palabra a **D^a. Raquel Rodríguez Amigo** e di que o Sr alcalde fala da transparencia e igualdade, compromiso co pobo, predica unha cousa e fai outra porque ter constancia o mércores desto e leer todo e complicado, si fala de transparencia e estivo na oposición tanto tempo polo menos deixe participar agora para aportar cousas o presuposto, hai representantes de veciños que tamén poden aportar, vostede dixo e non está cumprindo. A partida mas importante é cultura e deportes, é importante, solo a partida de cultura son 554.000



que sumado a deportes son 800000 e pico e a de servizos sociais 700.000, é máis grande a de cultura que servizos sociais, paréceme ben fomentar a cultura pero si nunha casa temos 100 euros e destinamos 50 en ir o cine, pois non, debe invertirse noutras cousas, fomentar cultura pero non darlle a metade. Para arreglar carreteras e problemas 170.000 fronte a 200.000 en actividades culturais, o problema é que estamos ante un orzamento que se destina máis a teatro que a servizos básicos. Estamos vivindo época de crisis e non o vexo normal, Vde. fixo no seu resumen que criticou o goberno coas subcontratas de empresas, se despide persoal e se contratan empresas externalizadas, Vde. dirá que é polo goberno central, moi ben, teño tantas cousas que decir, baixe a partida de cultura e incrementa servizos sociais e infraestructuras, eses 2000 euros do megalitismo deixe 1500 para farolas que se funden e en cousas que nos preocupe realmente os veciños. Hai outro tema que me chocou o ler porque son de Carnes e van 2000 euros, non hai nada para Berdois, Castrelo Carantofña, non oin nada para elas, Serramo, invertamos pero en todas, en Carnes perdon que fale de Carnes, hai 2000 para rapa das bestas, en Vimianzo temos a Fajía e van 100 euros, gastaron 3500 euros nun libro e non nos explicaron nada do libro que fixeron, eses cartos era mellor na "Faguía", a cerca está o nivel dos muros que se solicitou fai tempo, quero decir que non vexo mal investir en obras e cultura pero si presumen da igualdade e equidade non o vexo. Polo tema de servizos 700.000 o 50% vai para unha empresa que gestiona a guardería e eso e nos quedan 200.000 para persoal, 7000 emerxencia social e logo hai 24000 euros cunha persoa menos e non entendo para que estan ahí eses 24000.

Tamen me chocou que os concelleiros por providencia da alcaldía si ven o Concello cobran 40 ou 65 euros, calquera dos concelleiros vai cobrar eso, que é? un sueldo? En fin, non quero aburrir e podíamos falar desto todo día, despos me saltaredes e xa me adianto porque non terei réplica que non apoio a cultura eu fixen o recoñecemento das Albarizas de Vimianzo no meu proxecto de carreira, os contenedores estan rotos, farolas fundidas, Vde. contratou secretario persoal e destinara eso o servizo de obras que hai funcionarios abondos no Concello e con eso colla xente, plantilla das obras, en fin, pido por favor que nos de tempo para mirar os presupostos e que sexa transparente e nos deixe traballar os outros, unha maioría absoluta é para gobernar todos tamén.

O Sr alcalde da a palabra a **D. Mario Andújar Mouzo** e di: xa me fixeron o discurso todo, vimos cos mesmos puntos, temos pouco tempo para estudialo, é verdade, catro días, é moito que ler collemos o mais importante, non contou ca oposición para nada, non nos preguntou nada, e solo para vos, nos podíamos aportar algo, Vimianzo ten carencias que non se cubren, amortizou 10 postos de traballo e crea un plan de emprego con 5 postos de traballo e 2 socorristas de tres meses, o da dedicación parcial encuberta, os concelleiros van cobrar todos providencias, segurísimo, leva unha soa obra o resto son melloras e acondicionamentos, o increibe para deportes, non consta que os equipos de futbol, afeccións de rapaces e non aporta o Concello nada. Outro detalle o mantenedemento que nos fai moita falta para as nosas parroquias, logo empezaremos con modificacións presupostarias que non van chegar e pouco mais, xa dixeron todo os meu compañeiros e vamos abstermos.

O Sr alcalde da a palabra a **D. Fernando Mancebo Amigo** que di: Bos días a todos, despos dos últimos catro anos é imposible ensinar a quen non quer aprender, a postura patética da oposición, as eleccións de maio parece que non valeron para nada para vostedes. Este documento leva cincuenta anos inventado si non o conocen, miren: un candidato a Vimianzo ten que conocer este documento sinon non presentarse. Hai centos de horas de traballo. Hai unhas barbaridades que acaban de decir. Eu sinto que lle fagan vir cun papelito e leer, por exemplo o de amortizar 10 postos, si a tua compañeira inclue, un tio que marchou para casa, o outro tío- xefe do Grumir- que gracias que se xubilou, tuvimos sorte todos que nos acababa co presuposto do Concello, a tía que traballaba na limpeza o outro primo que marchou de excedencia que hai 400 contadores neste trimestre que ler, seu pai así ata nove, pode ser que quede un por ahí. Os únicos despidos foron dous o demais é considerar que unha familia está metida no Concello e seguir enganando os veciños, esa familia me daría vergonza participar nunha candidatura de Independentes por Vimianzo, a súa compañeira no ano 2004 facturaba por exemplo por un tubo de formigón de 15 a 8.10 euros cando a día de hoxe vale 7 euros, 10 anos despos compramos máis baratos os materiais, igual o tubo de formigón de 40, o metro cúbico de area, de area fina, esto está na documentación do Concello e non o digo eu e hai unha sentenza da Audiencia Provincial de A Coruña que di que facturaban ata un 200 ou 300 por cento mais caros, esa situación de mangoneo, despilfarro, atraco as arcas municipais. O informe de intervención de 2010 decía que o Concello estaba en bancarota. Ante a situación do 2010 e 2011 a pesar do



acoso continuo da oposición puxemos en marcha un plan económico financeiro que se cumpliu e superamos as previsións, medidas impopulares que adoptamos porque o primeiro era pagar os provedores e este orzamento cobrarán a menos de 20 días, eso é unha boa xestión. A raíz deste traballo que as cousas non nacen porque si, este orzamento que presentamos reduce o gasto en persoal non en 3000 euros, aquí se inclúe a paga extra que Rajoy quitou, a pagaremos no 2016 que son os 75000 euros. A final do 2011 a débeda superaba 3 millóns de euros, agora a débeda estará por debaixo dos 600.000 euros, sanaremos este Concello o obxectivo é debeda cero. Son uns orzamentos pesados para unha nova etapa de desenvolvemento neste Concello. Queremos gobernar un pobo con xente intelixente é un insulto dicir que se gasta 700000 euros en cultura, Sra Raquel hai que ler. Non diga que gastamos en teatro, barbaridade, nese que Vde di teatro, están os gastos de persoal, convenios, servizos sociais etc acaba de dicir unha barbaridade multiplicada por cinco, tes que informarte e asesorarte ou pedir opinión, pensei que aprendera algo de Amado e advertínlle que non ía saír concelleiro e chamábame pitoniso.

Este é un orzamento, primeiro, para sanear o Concello e buscar novas fontes de riqueza, megalitismo, turismo non é derrochar e ter miras de futuro, o ano 2016 será un ano que o Concello supere unha inversión de 1.200.000 euros. A partida de débeda 170000, seguridade pública 150.000, que xa comentaba que en esta partida podemos reducir pero algun encargouse de cargar a plantilla ca familia, en protección civil 150000 que inclúe mantemento de vías pero este é gasto corrente e non é gasto de inversión porque o di así a lei, 144.000 en pavimentacións, recollida residuos que nos costa sogama 220.000 a recollida 130.000 é mais caro sogama que a recollida, alumeadado 277.000 a pesar do esforzo feito, estamos con novas medidas de aforro, non existen farolas sin reparar, temos dúas persoas e cun sistema que unha persoa anota e se repara, servizos sociais de promoción social 700.000 euros, non existe concello con este esforzo en servizos sociais, temos unha escola infantil 100 por cento municipal que ten servizos de comedor, recollida de alumnos, temos vivenda tutelada para 12 persoas que non existe noutros concellos, plantilla para o servizo de axuda no fogar, e aquí houbo despido porque a plantilla estaba sobredimensionada, se trata de aumentar a produtividade dos traballadores, temos xente demais na oficinas necesitamos xente fora, gastamos 45.000 en asistencia e saúde a pesar de que fai mais de tres anos pagamos os gastos de mantemento e incluso unha persoa no centro de saúde, centros docentes 57.000 euros todo isto que leo algun chámalle gastos de teatro, temos casi 1.000 persoas participando en actividades culturais e deportivas, hai mas de 90 nenos en guitarra e cun nivel de éxito e asistencia que supera un 90 por cento, porque temos unha oferta de calidade. Promoción e fomento o deporte, dicir que non se aposta neste concello polo fútbol xa o campo que hoxe valdría 1.000.000 euros, temos monitor deportivo. En estradas 365000 así desglosado. Órganos de goberno, o soldo dos órganos de goberno non supón un 1 por cento do orzamento pode verse no ano 2014 pero fai 10 anos eran maiores e o das asistencias tuvo no 2010, 2009, 2008, 2007, 2006, 2005 e 2004 estivo sempre, xa estaba, non o inventamos nos, colla as bases de execución e mire, pregunte si cobraban os concelleiros que non tiñan dedicación cando traballaban. Eu sinceramente, son uns orzamentos que inciden onde hai que incidir, para que o día a día sexa mais fácil para os veciños

O Sr alcalde concede un segundo turno de intervención que comenza **con D^a. Paula Mouzo Maceiras**: por moito que diga que os gobernos do partido socialista dos anos anteriores tiveran esta partida dende o Psoe que está hoxe na oposición non quero que se refira a gobernos anteriores porque xoga a dúas bandas porque parte é agora é Independentes por Vimianzo, simplemente que non ten que ver, dende o Psoe seguiremos criticando para que se mellore a situación dos nosos cidadáns neste pobo

Segundo turno para **D^a. Raquel Rodríguez Amigo** non sei si aplaudirlle ou poñerlle alfombra roxa, sempre nos da unha explicación moi práctica, home claro que isto leva o mesmo modelo en todos os Concellos pero leva os mesmos números tamén?, nos vimolo o mércores, supoño que lle cambiarían os números, trinta follas son dedicadas como se di habitualmente a palla, normativa que hai que cumprir que para eso están aquí intervención e secretaria etc os números están ahí, non inventei nada por exemplo este ano levamos gastado 100.000 euros en proxectos de urbanismo para este 70.000 en proxectos de técnicos externos incluíndo director obra, noutros concellos a dirección de obra a leva o do Concello, e porque non fai o arquitecto os proxectos ou a dirección de obras?, Vde recolle o que lle interesa e critica o goberno anterior, como agora unha hora criticando unha familia, a crítica ten que ser sobre isto, sempre está con terminos persoais cando aquí se ven a facer política, sempre di que o pobo decidiu por maioría absoluta e non entendemos os resultados pero a esta parte tamén nos votamos



ainda que lle pese, e estamos aquí para controlar o que se fai, Vdes critican ao goberno anterior pero o que lle gustou o recollen, os concelleiros xa cobraban na época anterior pero eso non o ven mal? Agora Vdes tamen o inclúen, o que lle interesa o recollen, estou a favor da cultura, a primeira interesada que se desenvolva Vimianzo turística e culturalmente, pero invertir no que realmente fai falta e simplemente eso

Segundo turno **para D. Mario Andújar Mouzo**: acaba de chamarnos mentirosos, a min as suas contas non me dan, solo o 1 por cento do gasto que eran 72.000 euros, ten tres dedicacións, dúas e un secretario personal son 40.000 a primeira, 27.000 a segunda e a terceira sobre 20.000, a min as cuentas non me dan, e nos acaba de chamar mentirosos. Fainos ver o que quer.

Sr alcalde contesta que pouco mais se pode sacar dun debate, porque é importante e hai que estar traballado para levalo a cabo, parece que estamos nunca taberna e ver o que se nos ocorre, todo mundo ten que saber que teñen os orzamentos dende o mércores e convocados dende o venres, non viñeron antes por eles, non diga outra cousa, puderon telo todo fin de semana pero é difícil criticar uns orzamentos coma estes, eu xa sei que o PP ten voceiros decindo moito teatro en Vimianzo, polos bares, Vde acaba de facelo aquí como se fose unha taberna, o programa cultural é os sábados non os domingos non e capaz de facer unha crítica con rigor, eu estiven na oposición e me gustaría ter unha boa e con críticas que necesitamos e as veces temos que reorientar cousas pero estas críticas non ten sentido ningun, a oposición debe facer propostas e cantas hai cero, a veces alguen se apodera do traballo que non fixo, que diga a voceira do PSOE que o da subvención é cousa do PSOE me decepciona, así non imos polo bo camiño. Despois paréceme ben que critiquen o goberno pero informense ben, que despedamos alguen e nin ven ver expediente e informarse, eu estou en contra dos despedidos pero todo ten un sentido e xeito, este concello está para contratar non para subvencionar. Creo que o concelleiro de facenda explicou perfectamente todo e demostrou un por un os seus argumentos. Hai aspectos que hai que mellorar pero están recollidos, en calquera caso hai que ter outro papel lles pido que evolucionen un pouco que sexan serios, se desprestixia con esta crítica barata, no me diga aforar cartos co arquitecto, coma o da Casa da Cultura de Baiñas que teremos que abordalo ou a Casa da Cultura, eses son datos obxectivos non estou descalificando a ninguen, por eso contratamos con profesionais de fora, gastamos moito este ano en técnicos externos porque neste orzamento foron pagadas facturas do ano pasado, que tuvimos que pagar con cartos do orzamento corrente, nos non criticamos a ningunha familia pero hai algunhas que aquí dominaron negocios e Concello, o concelleiro de facenda quedouse corto, suscribo o da portavoz socialista no Pleno pasado que todos sabemos como entrou aquí moita xente. Nos estamos tratando de erradicar esas situacións, insisto que hai que ter rigor nas críticas, o noso goberno foi o único que potenciou a "Faguía" de Carnés, o único, a varios niveles poñendo en valor entre os veciños editando un libro e fotografías, os meus orixes son de Carnés, sempre foi a segunda parroquia miña, nos parece unha festa moi singular, subvencionamos á festa en si e están orgullosos do libro que conserva historias e che identifica ca tua parroquia, fixemos tres iniciativas e faremos unha cuarta e unha quinta, tamén subvencionamos a organización que fai a "Faguía" e colaboramos con San Cristóbal, estamos abertos a todas as iniciativas que haxa, reunímonos varias veces cos que organizan a "Faguía" non teña dúbida e non me diga que non mencionamos as parroquias, haberá que redistribuir para un equilibrio e igualdade, outras iniciativas irán para outras parroquias, Calo, Cambeda, Castrelo, Salto van moitas das pistas que se pon con este Convenio, que os veciños estén descontentos é unha guía para nos, as obras que fagamos son demandas veciñais. As pistas de Castro, Areosa ou Rasamonde e Piñeiros hai que ver como xurden con reunións, non chega un presidente e nos di temos estes cartos e metemolos aquí. Xa levamos demasiado debatido e vamos a votación.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos no seguinte sentido:

- **8 votos a favor do grupo municipal BNG.**
- **3 abstencións dos grupos municipais: Independentes por Vimianzo (D. Mario Andújar Mouzo) e Grupo Mixto (D^a. Raquel Rodríguez Amigo e D^a. Paula Mouzo Maceiras).**



3º. Recoñecemento da bonificación do ICIO a Jesús Manuel Vázquez Lago.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 12 de novembro de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas o 24 de novembro de 2015 que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Visto expediente instado por Jesús Manuel Vázquez Lago, solicitando a bonificación do 95 % da cota do ICIO, en base ao establecido no apartado terceiro do artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora de dito imposto, cuxa actual redacción é a publicada no BOP Nº 25 do 5 de febreiro de 2013.

Considernado que nas obras que se pretende realizar (“ampliación de establo e construción de silos forraxeiros trincheras, situado en Reparada, parroquia de Salto”) concorre un especial interese municipal, por existir circunstancias sociais que determinan a necesidade de que no actual entorno de crise se apoie ao sector primario dalgún xeito, dado o recorte progresivo que se está a producir na marxe de beneficio que deriva das actividades agrícolas e gandeiras. Tendo en conta ademais o carácter eminentemente rural do noso concello, e que o sustento de moitas familias deriva das rendas obtidas pola realización deste tipo de actividades, esta alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda, Orzamento e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO; Recoñecer a Jesús Manuel Vázquez Lago, unha bonificación do 95 % da cota do ICIO, recoñecendo o especial interese municipal das obras a realizar. (...)”

Alcalde e unha bonificación a unha edificación gandeirapara aplicala temos que aprobalo en pleno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

4º. Proposta da Alcaldía sobre medidas fiscais para unha tributación xusta dos emigrantes retornados.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 20 de novembro de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais o 24 de novembro de 2015 que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Propostas fiscais para unha tributación xusta dos emigrantes retornados.

Visto o escrito (RE 8876, de data 13/11/2015) presentado por Dª Paula Mouzo Maceiras, voceira do PSdeG-PSOE dentro do Grupo Municipal Mixto, en relación á adopción de medidas fiscais para unha tributación xusta dos emigrantes retornados, segundo se indican no escrito da Federación Española de Asociaciones de Emigrantes Retornados, de data 17 de setembro de 2015.

Tendo en conta que o goberno municipal está de acordo coa adopción de medidas tributarias xustas para o colectivo de emigrantes retornados, tendo en conta a singularidade deste colectivo, mostrase en acordo coas propostas manifestadas no antedito escrito.

Por todo isto, esta alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión informativa de asuntos xerais, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar ao Goberno de España, ao Consello de Ministros e á Asociación Provincial de Emigrantes Retornados, a adopción das seguintes propostas fiscais para unha tributación xusta dos emigrantes retornados, en concreto:



- Unha tributación apropiada da renda dos emigrantes retornados atendendo á orixe das mesmas e a súa connotación histórica, tendo en conta que son pensións extranxeiras que se xeran no exterior e revirten na economía nacional.
- A AEAT debe asumir con carácter xeral as sentenzas dos Tribunais Superiores de Xustiza que dan como exentas as rentas procedentes dos organismos de pensións alemáns, respetando os convenios bilaterais e procedendo a devolución de oficio das cantidades recaudadas por este concepto.
- Establecer os medios necesarios para que, como calquera contribuínte, o pensionista emigrante retornado reciba o seu borrador da declaración de Facenda con todos os ingresos a declarar.
- Que se establezan os mecanismos necesarios para a homologación ou convalidación das pensións de invalidez provintes de países extranxeiros e o reconecimento automático das mesmas por parte da administración española.
- Conceder unhas medidas de aplazamento extraordinario acorde ao proceso de regularización que se levou a cabo, anulando os intereses xerados por eses fraccionamentos. Na maioría dos casos a AEAT non respetou un mínimo vital de supervivencia.
- A devolución de oficio das sancións e recargos aplicados inxustamente que non foron reclamadas polos retornados, cantidade que según a AEAT elévase a sete millóns de euros.
- A devolución de oficio das cantidades derivadas do período de regularización ata o ano 2012 incluído. Entendemos que o Goberno asumiu un erro ao establecer este período voluntario e por tal motivo tería que anular o efecto retroactivo que contempla a Lei Fiscal."

Sr alcalde di que somos unha sociedade marcada pola emigración, sempre que sexa posible tratar de solucionar problemas o facemos de ahí que asumamos a proposta do grupo socialista.

Sra. Paula Mouzo Maceiras: non hai mais que decir, este Concello sempre estivo marcado pola emigración, considerase que este punto é importante e dar o noso apoio á asociación española de emigrantes retornados.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

5º. Proposta da Alcaldía sobre políticas de prevención e tratamento de violencia machista:

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 20 de novembro de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais o 24 de novembro de 2015 que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: políticas de prevención e tratamento a violencia machista.

Vista a moción (RE 9046, de data 20/11/2015) presentada por D^a Marta Rey Lema, portavoz do Grupo Municipal do BNG, relativa ás políticas de prevención e tratamento da violencia machista, que na exposición de motivos sinala o seguinte:

"(...)A violencia machista é un dos problemas máis graves que ten que enfrentar a nosa sociedade. Nas últimas décadas, a violencia contra as mulleres ten deixado de ser un asunto invisíbel grazas ao constante e incansábel traballo dos movementos de mulleres.

A loita contra a violencia de xénero debe ser unha prioridade política para todos os espazos da actividade política e froito do traballo para que isto así sexa están vixentes a Lei Orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Despois de anos de aplicación, insuficiente en moitos casos por limitación de recursos e orzamentos, a violencia machista segue presente na nosa sociedade. Por isso, cómpre avanzar e darmos pasos adiante que melloren os marcos legais e realizar un labor preventivo e educativo maior.

Documento firmado digitalmente: CVD: bx9UUt5QGvUf, ynxDNjht
CN=NOMBRE ANTELO PAZOS MANUEL - NIF 62492258D - OU=703013342 - OU=fnmt-clase-2 ca - O=FNMT - C=es
CN=HERMIDA CANCELA ROCIO - 32799516K - GIVENNAME=ROCIO, SURNAME=HERMIDA CANCELA, SERIALNUMBER=32799516K - C=ES
El documento consta de un total de: 15 páginas. Página 10 de 15



Ante a gravidade do problema consideramos fundamental a inclusión do Feminicidio como forma de terror propia que sofren as mulleres e que serva de base para a elaboración dun Estatuto de vítima de Feminicidio. Doutra banda, a resposta fundamentalmente penal diante deste problema tense demostrado como insuficiente, polo que é preciso avanzar no apoio económico, psicolóxico e social así como na prevención. Corresponde á Administración local, por ser a institución máis próxima á veciñanza converterse nunha referencia para o combate deste problema e presionar para que se avance no recoñecemento das realidades de violencia machista e na súa prevención.(...)" Por todo isto, esta alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galiza a trasladar ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducindo o termo Feminicidio e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de Vítima de Feminicidio.

Introducir, así mesmo, na citada modificación a acreditación da situación de violencia machista, recollendo certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou documento acreditativo da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei. Tamén a certificación ou informe dos servizos sanitarios e/ou sanitarios e certificación dos servizos de acollida da Xunta de Galiza ou do concello. Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social e calquera outra que se estableza regulamentariamente.

Así mesmo, a iniciar os traballos para modificar da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero para incorporar a regulación do Feminicidio e o estatuto de protección das vítimas do feminicidio

Finalmente, instar á Xunta de Galiza a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención as mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.

SEGUNDO.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao do Goberno do Estado."

Intervén o Sr alcalde di que esta semana celebriase o día internacional da violencia machista, hai que incidir nas medidas para que acabe esta violencia e introducir esas novidades na normativa porque coa existente non se solucionou.

Sra Paula Mouzo Maceiras: sempre fomos moi sensibles ante a violencia de xénero, os numeros están aahi, cada día mais difícil de erradicar e todos os grupos deben apoiar medidas para erradicar que beneficie que esta violencia se termine.

Intervén D. Mario Andújar Mouzo e D^a. Raquel Rodríguez Amigo e din que van absterse porque non coñecen en profundidade o que se vai modificar.

Intervén o Sr alcalde: Cando non se fai o traballo e fácil o absterse é unha pena de que non aprobemos por unanimidade, disculpas de non estudie etc

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos no seguinte sentido:

- 9 votos a favor do grupo municipal BNG e Dona Paula Mouzo Maceiras (G.M).
- 2 abtencións do grupos municipal: Independentes por Vimianzo (D. Mario Andújar Mouzo) e D^a. Raquel Rodríguez Amigo (G.M).

6º. Proposta da Alcaldía sobre concesión demanial para a utilización privativa e gratuita do local no edificio de usos múltiples da Torre, para servizos veterinarios oficiais de Sanidade Pública da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 20 de novembro de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo o 24 de novembro de 2015 que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Documento firmado digitalmente. CVD: bx9UJf5QGvUJFvnxDNlhr
CN=NOMBRE ANTELO PAZOS MANUEL - NIF 52432258D - OU=703013342 - OU=fnmt-clase 2 ca; O=FNMT, C=es
CN=HERMIDA CANCELA ROCIO - 32799516K - GIVENNAME=ROCIO, SURNAME=HERMIDA CANCELA, SERIALNUMBER=32799516K, C=ES
El documento consta de un total de: 15 paginas. Pagina 11 de 15.



Visto o expediente de concesión demanial para a utilización privativa e gratuíta do local no edificio de usos múltiples da Torre, para servizos veterinarios oficiais de Sanidade Pública da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade.

Tendo en conta o informe de secretaría de data 21 de setembro de 2015 ao respecto da tramitación.

Consta informe técnico de data 09/10/2015 ao respecto do art.110 do RD 1372/86, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

Támén consta incorporado no expediente certificado de secretaría de data 11/11/2015 relativo á propiedade do ben inmovible, prego de cláusulas administrativas que rexe a concesión de data 22/09/2015, informe da intervención municipal de data 19/11/2015 e informe técnico de valoración, de data 20/11/2015

Tendo en conta que dentro do prazo de información pública, que foi do 08/10/2015 ao 31/10/2015, remitiuse correo electrónico en data 19/10/2015 a modo de alegación ao clausulado de condicións administrativa que rexerá a concesión administrativa que se outorgue.

Por todo isto, esta alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión informativa de Obras e Urbanismo, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.-Adxudicar directamente a concesión administrativa á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade para o uso privativo dun local sito no edificio sito na Torre, de Vimianzo por un prazo determinado e de acordo co clausulado das condicións que rexen a concesión.

Segundo.-Aprobar o clausulado de condicións administrativas que xunto co acordo rexerán a concesión administrativa, de data 22/09/2015 tendo en conta parcialmente a alegación presentada, que se transcribe literalmente:

"(...)PREGO DE CONDICIÓN XERAIS POLAS QUE SE REXERÁ A CESIÓ DO LOCAL.

O contido das presentes condicións xerais é en todo caso complementario e non substitutivo de calquera normativa legal vixente en cada momento.

Disposicións xerais

1ª.- A cesión de uso acordada polo Concello de Vimianzo ten por obxecto a ocupación por un prazo inicial de cinco anos do local esquerdo, sito no primeiro andar do local de usos múltiples da Torre, propiedade do Concello de Vimianzo, para destinalo aos Servizos Veterinarios Oficiais de Saúde Pública da Comarca de Vimianzo

2ª.- No non disposto nos anteriores pregos, estarase ao establecido na lexislación de réxime local

3ª.-Esta cesión de uso temporal outórgase por un prazo de vinte (20) anos, condicionada ao exacto cumprimento do seu fin (oficina dos Servizos Veterinarios Oficiais de Saúde Pública da comarca de Vimianzo) determinándose causa de resolución da cesión as establecidas no art. 111 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Uso e explotación

4ª.- A cesión de uso destinarase exclusivamente a OFICINA PARA O SERVIZO DE INSPECTORES VETERINARIOS DE SAÚDE PÚBLICA DA COMARCA DE VIMIANZO. A Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Coruña non poderá destinar os bens de dominio público concedidos, nin as obras neles executadas, a usos distintos dos expresados.

5ª.- A Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Coruña xestionará a actividade da mesma ao seu risco e ventura. O Concello de Vimianzo en ningún caso será responsable das obrigas contraídas polo titular nin dos danos e prexuízos causados por este a terceiros

Todo o persoal necesario para desenvolver a actividade propia da da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Coruña, será pola súa conta e cargo, debendo cumprir as obrigas que lle impón a lexislación vixente.

6ª.- Serán a cargo do Concello de Vimianzo os gastos de electricidade, auga, limpeza e hixiene e recollida de lixo nas instalacións cedidas, así como dos impostos, arbitrios ou taxas legalmente establecidas que correspondan á dito local.

7ª.- A falta de utilización, durante un período de seis (6) meses, das instalacións e bens de dominio público concedidos, será motivo de revogación da cesión, a non ser que obedeza a xusta causa. Corresponde ao Concello de Vimianzo, en cada caso concreto, cualificar as causas alegadas polo titular para xustificar a falta de uso das obras e bens concedidos. A este obxecto, a Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Coruña queda obrigada, antes de que transcorran os seis (6) meses, a poñer en coñecemento do Concello as circunstancias que motiven a falta de utilización dos bens concedidos e das instalacións autorizadas. Se o



Concello considera inadecuadas as causas alegadas polo titular procederese á incoación de expediente de caducidade da autorización.

Extinción

8ª.- A cesión de uso extinguirase polas causas previstas no artigo 100 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas (de carácter básico), e ademais, polas seguintes causas:

- a) Revisión de oficio, nos supostos establecidos na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- b) Renuncia do cesionario, aceptada pola Administración concedente, sempre que non teña incidencia negativa sobre o dominio público ou a súa utilización ou cause prexuízos a terceiros.
- c) Mutuo acordo entre o Concello de Vimianzo e a Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Coruña
- d) Acordo de revogación polo Concello, de conformidade coa disposición 7ª.
- g) Caducidade
- h) Extinción da autorización ou da licenza da que o título demanial sexa soporte.

9ª.- Extinguida a cesión, a Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Coruña terá dereito a retirar fóra do dominio público e das súas zonas de servidume as instalacións correspondentes no prazo máximo de 3 meses dende o seguinte á extinción da autorización. Así mesmo, estará obrigado a restaurara a realidade física alterada polas instalacións, realizando as obras necesarias a tal fin.

10ª.- Serán causa de caducidade do acordo de cesión os seguintes incumprimentos:

- a.- Falta de actividade ou de prestación do servizo, durante un período de seis (6) meses, a non ser que, a xuízo do Concello, obedeza a causa xustificada.
- b.- Ocupación do dominio público non outorgado.
- c.- Desenvolvemento de actividades que non figuren no obxecto do título.
- d.- Cesión a un terceiro do uso total ou parcial, sen autorización do Concello
- e.- Incumprimento doutras condicións básicas ou decisorias para a cesión.

Nos casos de incumprimento grave ou moi grave conforme á lexislación aplicable, previa audiencia á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Coruña, poderá declarar a caducidade da cesión de uso.

O expediente de caducidade tramitarase con arranxo ao preceptuado nas disposicións vixentes sobre a materia.

11ª.- O Concello non asumirá en ningún caso os contratos de traballo que puidera ter concertado a Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Coruña para o exercicio da súa actividade, polo que en forma algunha poderá entenderse que a desaparición da cesión de uso implica a sucesión de empresa prevista no artigo 44 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, nin que o Concello sexa o empresario principal da actividade realizada polo administración cesionaria aos efectos do artigo 42 do dito texto refundido.(...)"

Terceiro.-Advertir ao concesionario que a concesión non exclúe á entidade solicitante de obter os permisos e autorizacións dos organismos competentes.(..)"

Intervén o Sr alcalde e di que esto é fruto de negociacións, o local está libre para poder usalo unha enfermeira mais, destacar o compromiso da delegada territorial o que non entendo é a tardanza do Sergas en nomear a enfermeira, cando fai tres meses non lle importaba de maneira inmediata, dende aquí pedir os reponsables do Sergas o cumprimento da palabra.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

B) Sección de control

7º. Comunicados oficiais.

Non hai comunicados oficiais.

Documento firmado digitalmente. CVD: bx9UUI5QGUVFVpxDNhr
CN=NOMBRE ANTELO PAZOS MANUEL - NIF 52432258D - OU=703013342 - OU=FNMT - C=es
CN=HERMIDA CANCELA ROCIO - 32799516K - GIVENNAME=ROCIO, SURNAME=HERMIDA CANCELA, SERIALNUMBER=32799516K, C=ES
El documento consta de un total de: 15 páginas/s. Página: 13 de 15



8º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia, isto é, dende a resolución núm. 1291 do 23/09/2015 ata a resolución núm. 1622, do 25/11/2015.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria e incorpóranse á presente acta como Anexo I.

9º. Dación de conta do informe de Intervención establecido no artigo 218 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O alcalde dalle a palabra ao interventor acctal. Explica que se da conta do informe previsto no art. 218 do TRLRFL, do que teñen copia tódolos concelleiros.

10º. Dación de conta de informes económico-orzamentarios.

De orde do Sr. Alcalde, o interventor acctal. da conta da remisión ao Ministerio de Facenda do documento sobre liñas orzamentarias.

11º. Mocións.

Non hai mocións.

12º. Rogos e preguntas.

Intervén a **Dª. Paula Mouzo Maceiras**: o 24 saíu publicado unha nota que ante a situación dos montes das milleiras tiñan pedido cita co delegado territorial, que nos pode contar para saber a situación?, si se está traballando porque é importante para os veciños de Carantofía.

Sr alcalde: gracias pola pregunta porque teño oportunidade de comentar, como saben os veciños no seu momento pedimos rescisión e contas do consorcio, no caso de monte Milleira ten un saldo contra concello de preto 60000 euros, solicitamos ver as contas, fomos ali e non presentaron esas contas, tivemos unha reunión e o explicamos e acordamos dúas cousas pedir entrevista co xefe territorial volvin a reiterala e non tiven resposta, onte co Vicepresidente da Xunta lle pedin que fale cos seus subordinados porque esto non ten xeito quedou o Sr Rueda en facelo así. Ademais impugnamos as contas e demos a coñecer aos medios o escrito, non existe documento que acredite ese gasto e non se pode imputar ese gasto o concello e o balance e cero e a Xunta ten que mover ficha, é no que estamos, me gustaría estar celebrando un fin do conflito pero non é así.

Intervén a Dª. Raquel Rodríguez Amigo non recibiron ningunha notificación estes días da Consellería? Vai mandarse un escrito da delegación territorial, a miña pregunta é que pasa coa empresa que se adxudicou a actividade do teatro? Porque os veciños xa pagaron as taxas.

Sr alcalde di que agradecería a Sra. Raquel que si ten información privilexiada a comente, a min cando me din, imos mandar un escrito a Vimianzo! Pregunto: e que van mandar?, será unha historia de cara as eleccións respecto o de teatro houbo renuncia e agora retrasouse porque a empresa non aportou todo o que tiña que aportar e os servizos do concello son moi esixentes, por determinada documentación que si estaba ou non compulsada, son cuestións de presentación de documentación.

D. Mario Andújar Mouzo: tamen teño a do teatro, non nos consta a renuncia, e cales son os motivos polos que o novo técnico municipal non pode atender os veciños?, temos queixas e non se atende.

Sr alcalde: Quen é o novo?

D. Mario Andújar Mouzo: Carlos Pueyo.

Sr alcalde: Mais preguntas?



D. Mario Andújar Mouzo: Si, o camiño de Reboredo cando vai acabar o expediente para esclarecer si e privado ou público. Rogamos que se mellore a iluminación de Blanco Rajoy que xa houbo atropelos, hai moita obscuridade e é un perigo. Queixas de que se pode facer ca caseta de Vilar de Cereixo, a dos nenos, xunta casa de Xan, dínnos que a ubicación non é a adecuada, tiña outra, buscar unha solución o pabellón e o rogo de sempre o mantemento das parroquias, parques plazas con maleza.

Sr alcalde: o arquitecto interino que cubre a baixa laboral do arquitecto municipal está para sacar adiante os expedientes pero aínda así atende a xente, pero intentamos desviar a atención o público a Bielca, ese servizo síguese prestando, traballa tres días a semana e hai moito que quitar adiante, eso que comenta non é verdade. O camiño de Reboredo cando esté completo se traerá a Pleno, falaremos co arquitecto para ver como está o expediente, está incoado. En política non vale todo, botar a culpa a iluminosidade dos accidentes, ese accidente foi onde están as farolas antigas, non todo vale, criticaron as farolas novas e tratamos de correxilas pero o accidente foi o pasar o acceso, teña mais rigor na súa exposición. A partir do Pastoriza indo o centro son as antigas.

D. Mario Andújar Mouzo: Digo ese tramo

Sr alcalde: falo respecto da crítica que fixeron sempre

D. Mario Andújar Mouzo: Confundiú a pregunta.

Sr alcalde: Non confundin, a marquesina está na Esquipa, non é o mellor sitio, alí foi pola premura, por indicación dos veciños de forma provisoria que xa temos a definitiva. Un cando está no pleno ten que ser dinámico que me diga Vde unha mellora no pabellón xa dixen unha das melloras que facíamos era alí, estamos perdendo o tempo, non ten que facer as preguntas que lle manden senon as oportunas.

D. Mario Andújar Mouzo: Fixenas eu.

Sr alcalde: nese sentido traballaremos, estes cinco traballadores que imos contratar, a xardinería mandei fai semanas unha orden do que facer mensualmente. En ese camiño estamos, intentaremos facelo.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 13:15 horas, a presidencia remata a sesión e eu redato esta minuta-borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 28 de novembro de 2015.

